

# □ Bases do Karaoke Infantil-Xuvenil

## Festas Patronais de Burela 2026

---

### 1. Data e lugar

O concurso de karaoke celebrarase o día 3 de xuño de 2026 ás 20:30 horas na Casa da Cultura de Burela.

### 2. Ensaio previo

O mesmo día do concurso, 3 de xuño de 2026, realizarase un ensaio previo na Casa da Cultura de Burela, a partir das 17:00 horas.

A asistencia ao ensaio é recomendable para comprobar o son, o micrófono e o funcionamento da pista musical. A organización confirmará a orde de intervención nese momento.

### 3. Participantes

- Poderán participar todas as persoas menores de 18 anos.
- Establécese un número máximo de 20 participantes, admitidos por rigorosa orde de inscrición.
- Habilitaranse 5 prazas de reserva para cubrir posibles baixas.

### 4. Inscricións

- O prazo de inscrición estará aberto desde o 25 de maio ata o 29 de maio de 2026.
- As inscricións realizaranse exclusivamente por correo electrónico: [gaia@burela.org](mailto:gaia@burela.org)
- Cada participante deberá cubrir e asinar a folla de inscrición.

### 5. Requisitos da actuación

- Cada participante interpretará unha única canción en formato karaoke (versión instrumental sen voz principal).
- A organización poderá solicitar o envío previo da canción ou facilitar o soporte musical.

### 6. Desenvolvemento do concurso

- Os participantes deberán estar presentes 30 minutos antes do inicio do concurso para a súa organización.
- Valorarase tanto a interpretación vocal como a posta en escena.

## 7. Xurado

- O xurado estará composto por persoas designadas pola organización.
- As súas decisións serán inapelables.

## 8. Premios

Outorgaranse os seguintes premios:

**1º Premio:** Vale de 60 € de ACIA e unha entrada da Osa do Mar.

**2º Premio:** Vale de 40 € de ACIA e unha camiseta da Osa do Mar.

**3º Premio:** Vale de 20 € de ACIA e unha camiseta da Osa do Mar.

## 9. Protección de datos persoais

Os datos aportados para a solicitude e xestión serán tratados, na súa condición de responsable do tratamento polo Concello de Burela, coa finalidade de tramitar a solicitude de participación. Así mesmo, no caso de autorización, realizar a captación e difusión de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. (en diante, as imaxes) dos participantes coa finalidade de promover e difundir a actividade. A publicación das imaxes poderase realizar a través das seguintes canles ou medios de difusión: redes sociais do Concello e das Festas Patronais.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme ao disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), e no artigo 6.1.c) do RXPd, sendo o tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento fundamentada na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. No caso de outorgar autorización para a captación e difusión da imaxe, a base lexitimadora é o artigo 6.1a) RXPd: consentimento outorgado polo interesado. Os menores maiores de 14 anos poderán outorgar o consentimento por si mesmos para a captación e difusión da imaxe.

Os datos identificativos das persoas beneficiarias serán comunicados a Axencia Estatal da Administración Tributaria; Base de Datos Nacional de Subvencións; BOP, a fin de darlle a publicidade requirida ao procedemento. As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios detallados anteriormente.

Pode solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, opoñerse ao tratamento ou exercer outros dereitos que lle asistan, e consultar información adicional, segundo se indica en <https://burela.org/gl/politica-de-privacidad>. Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude ante o Concello. A retirada do consentimento non afectará a litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercer estes dereitos por si mesmos. Datos de contacto do DPD: [dpcoperacionconcellos@deputacionlugo.org](mailto:dpcoperacionconcellos@deputacionlugo.org)

## 10. Aceptación das bases

- A participación no concurso implica a aceptación total destas bases.
- A organización resérvase o dereito de resolver calquera situación non prevista nestas bases.

# Folla de Inscripción Karaoke Infantil-Xuvenil

## Festas Patronais de Burela 2026

NOME DA/O PARTICIPANTE			
DATA DE NACEMENTO		DNI	
TÍTULO DA CANCIÓN			
AUTOR			
CORREO ELECTRÓNICO			
TLFN			

A cubrir polo/a pai/nai ou titor/a:

D./DNA. \_\_\_\_\_

CON DNI: \_\_\_\_\_

Autorizo<sup>(1)</sup> a/o miña/meu Filla/o \_\_\_\_\_ a participar no Karaoke Infantil-Xuvenil organizado polo Concello de Burela e a Comisión de Festas de Burela 2026.

Autorizo  Non autorizo a toma e publicación de imaxes e/ou videos da miña filla/ do meu fillo na participación no Karaoke Infantil-Xuvenil das Festas Patronais 2026 e a súa publicación posterior nas redes sociais do Concello e das Festas Patronais. Os menores maiores de 14 anos poderán consentir por si mesmos.

Coñezo e acepto formalmente as bases e a normativa aplicable, asumindo a responsabilidade sobre a información proporcionada.

INFORMACIÓN RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Burela
Finalidade	Xestionar as inscricións no Karaoke Infantil-Xuvenil organizado polo Concello e a Comisión de Festas Patronais 2026 e a entrega de premios. No caso de autorización, realizar a captación e difusión de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. (en diante, as imaxes) dos

	participantes coa finalidade de promover e difundir a actividade.
Base lexitimadora	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.  Consentimento outorgado polo interesado, para a captación e difusión de imaxes.
Exercicio de dereitos e información adicional	<a href="https://burela.org/gl/politica-de-privacidad">https://burela.org/gl/politica-de-privacidad</a> . Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude ante o Concello. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos.
Contacto co DPD	<a href="mailto:dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org">dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org</a>

(1) A autorización outorgada por un dos proxenitores entenderase prestada co consentimento expreso do outro.

Burela a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

Asdo.: \_\_\_\_\_